

Conservatorio Profesional de Música de Vigo

PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE 2011/2012

(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007)

NOVAS TECNOLOXIAS APLICADAS Á MÚSICA

(G. Profesional)

Departamento de Composición

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalvigo>



Índice

GRAO PROFESIONAL.....	3
INTRODUCCIÓN.....	3
OBJECTIVOS:.....	3
CONTIDOS:	4
CRITERIOS DE AVALIACIÓN:	4
MÍNIMOS ESIXIBLES:.....	5
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:.....	5
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.	5



GRAO PROFESIONAL

INTRODUCCIÓN

A actual Lei Orgánica 2/2006, de Educación, do 3 de maio, recolle a importancia que as novas tecnoloxías teñen na nosa sociedade, adicándolle un apartado especial co fomento das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

É innegable que a tecnoloxía ten unha presenza moi profunda no ámbito musical, xa que a música gravada constitúe unha revolución estrutural no espallamento das diferentes culturas, posibilitando á vez, un intercambio fluído e dinámico de novas formas de expresión. Por outro lado a aparición do son dixital forzou a aparición de instrumentos diferentes e sons e ferramentas compositivas de nova configuración. Parece evidente que a tecnoloxía debe desenvolver un papel básico no século no que nos atopamos na formación educativa dos músicos. Esta materia posibilitará un primeiro achegamento formal, tal e como se contempla no currículo, así como un maior afondamento sobre unha realidade cotiá, -o proceso tecnolóxico vinculado á música e aos estudos mesmos-, ofrecéndolle ao alumnado as ferramentas básicas que deberán usar e ampliar ao longo da súa formación.

OBXECTIVOS:

- Coñecer o funcionamento das principais aplicacións informáticas destinadas ao ámbito musical, como son os editores de partituras, secuenciadores e editores de audio dixital.
- Entender os conceptos básicos da acústica e as súas aplicacións en diferentes contornos, tanto nos instrumentos como na informática musical.
- Utilizar estas ferramentas para o desenvolvemento práctico de actividades propostas nesta materia.
- Identificar as diferentes maneiras de ser representada dixitalmente a información musical.
- Sentar as bases dun coñecemento a nivel técnico sobre os parámetros do audio dixital.
- Comprender as terminoloxías usadas dentro da informática musical e os contornos de tratamento de audio analóxico e dixital.
- Coñecer a nivel básico os dispositivos de reprodución e gravación usados nos estudos especializados.
- Valorar a importancia do coñecemento tecnolóxico no desenvolvemento actual do músico profesional.
- Coñecer as ferramentas web principais para o uso do estudante e do profesional da música.
- Desenvolver as capacidades de búsqueda de información referente ao son e á música en xeral na web.



- Comprender a utilidade e posibilidades da web como medio de creación e transmisión de coñecemento.

CONTIDOS:

O ordenador. Os seus principios básicos de funcionamento e as súas unidades de medida. Sistemas operativos. Compoñentes do ordenador, periféricos, tipos de conexións e conectividade dos aparellos musicais en xeral. Editores de partituras: Funcionamento básico dun editor. Creación dunha partitura con e sen a axuda do asistente Introducción de notas, articulacións, dinámicas, expresión, texto, etc. Maquetación Emprego do MIDI para a introducción de notas.

Editores de audio dixital: MIDI e audio dixital. Formatos de audio sen compresión. Formatos de audio con compresión. Secuenciadores e outras ferramentas integrais. Funcionamento básico dun secuenciador. Os estudos de gravación e os diferentes dispositivos de gravación/reproducción. Gravación do son. Formatos. Os Blogs e outras ferramentas de comunicación en liña. Introducción á acústica xeral: Acústica básica dos instrumentos e a súa aplicación no ámbito do audio dixital.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Coa avaliación preténdese coñecer o grao no que se alcanzaron os obxectivos propostos. Para iso, estableceuse unha serie de criterios de avaliación:

1. Identificar as partes xerais do interior dun ordenador.- Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado para recoñecer e xerarquizar os compoñentes internos básicos dun ordenador.
2. Identificar as partes xerais da periferia dun ordenador.- Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado para recoñecer os compoñentes externos básicos que se poden conectar a un ordenador.
3. Realizar exercicios de escritura nalgún editor de partituras. - Con este criterio preténdese comprobar o coñecemento do alumnado en relación co manexo fluído das principais opcións de edición de partituras.
4. Realizar exercicios de edición do son cun editor de audio dixital- Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para desenvolverse a nivel básico dentro dun programa de edición de audio ou secuenciador.
5. Describir o funcionamento dos principais aparellos que integran un estudo musical profesional.- Con este criterio de avaliación tratarase de comprobar o coñecemento do alumnado sobre a variedade e a funcionalidade dos diferentes elementos constitutivos dun estudo de gravación profesional.
6. Realizar un blog sobre algún dos temas propostos polo profesor ou profesora na aula.- Con este criterio preténdese comprobar a capacidade de comunicar a traveso da web, os coñecementos adquiridos ao longo do curso.



MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Escribir unha partitura sinxela cun editor dixital de partituras.
- Gravar son e poder realizar un mínimo de transformacións dese son cun editor de audio dixital.
- Construír un sitio web ou un blog con información significativa relativa a algún dos temas tratados durante o curso.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación ten como obxectivo representar fielmente o grao en que un alumno ou alumna acada os obxectivos propostos. A cualificación non debe empregarse nin como incentivo nin como castigo.

A cualificación será numérica en números enteiros sen decimais do 1 ao 10. Neste baremo o 1 representaría a cualificación do alumnado que non acada ningún dos obxectivos propostos e o 10 o do alumnado que acada a totalidade dos obxectivos nun grao de excelencia. A cualificación de 5 sería a asignada ao alumnado que cumpre cos mínimos esixibles.

A cualificación será o resultado da valoración global de todas as actividades de avaliación estipuladas no punto seguinte.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A) CONVOCATORIA ORDINARIA

Para avaliar ditos criterios realizaranse unha serie de actividades de avaliación:

- Observación sistemática da actitude de alumno na clase, para saber se participa activamente na mesma, se plántea cuestións, dúbidas ou realiza os exercicios propostos.
- Realización de exercicios individuais e/ou colectivos de carácter puntual, que permitirán avaliar o grao de manexo de cada un dos softwares empregados na aula.
- Búsqueda de información sobre recursos musicais na web, que permitan avaliar a capacidade de autoaprendizaxe do alumnado.
- Elaboración dun sitio web ou blog, que permita avaliar o grao en que cada alumno ou alumna é capaz de compartir e transmitir o coñecemento adquirido.

Que avaliar:

- Aqueles aspectos que teñen relación cos obxectivos didácticos de cada unidade, priorizando os que consideremos de maior transcendencia para a aprendizaxe posterior.
- A asimilación dos contidos conceptuais.
- A adquisición dos procedementos propostos e en qué grao foron asimilados. A actitude do alumno no

Proceso de aprendizaxe.

- A realización dos traballos complementarios e restantes actividades propostas.



Como avaliar:

- Mediante os traballos realizados.
- Mediante a observación actitudinal na aula.

Cándo avaliar:

- Avaliación inicial. Os coñecementos previos do alumno ó comezaren cada unidade.
- Avaliación do proceso.
- O referente final da avaliación sumativa o constituirán os obxectivos didácticos. O resultado final terá sempre como punto de referencia os propios obxectivos e o grao no que se cumpriron, establecendo un nivel mínimo.

B) CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA E PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA.

- Escritura dunha partitura empregando un editor dixital de partituras.
- Gravación de son e realización dunha serie de transformacións do mesmo, solicitadas polo profesor ou profesora cun editor de audio dixital.
- Deseño dun sitio web con información significativa relativa a algún dos temas tratados durante o curso. Busca das ligazóns e da información fundamental.

C) AMPLIACIÓN A 4º DE GRAO PROFESIONAL.

- Escritura dunha partitura empregando un editor dixital de partituras.
- Gravación de son e realización dunha serie de transformacións do mesmo, solicitadas polo profesor ou profesora cun editor de audio dixital.
- Deseño dun sitio web con información significativa relativa a algún dos temas tratados durante o curso. Busca das ligazóns e da información fundamental.